

Incendia, que algo queda

Cando Samuel L. París (Muros, 1984) deu o seu primeiro recital poético, tivo a sensación de presentarse ante a xente envolto nun tutú mentres camiñaba por un campo minado. Agora séntese máis cómodo. Será que nos últimos tempos foi afinando a puntaría e acostumouse a disparar entre os ollos. Non lle gustan nin a necrofilia literaria nin a escrita entendida coma un exercicio publicitario. O país que combate é un territorio onde cre que hai máis poetas que poesía, superpoboado por escritores que seica nacen mortos e escriben para lectores que agonizan. Unha veciñanza que lle resulta empachosa porque promove unha poesía baleira e sen pegada, mesmo a considerada marxinal pola crítica. Así que cando se lle volve irrespi-



Samuel L. París, poeta

nable o *establishment* lírico, prefire lembrar as lambrettas de Djalminha, recordar a fazaña do Chava Jiménez perseguindo a Pável Tonkov nas ramplas do Angliru, ou pensar que algún día nacerá un escritor capaz de trasladar ao papel a intensidade do *Tender is the savage* de Gluecifer. Todo, antes que soportar un soneto onde se acuda á mitoloxía grega.

Membro do proxecto Tinta de Lura, Samuel L. París estudou Filoxía Hispánica e Galega en Santiago, anos universitarios que lle serviron para coñecer a Hakim Bey, ao Augusto Abelaira de *O bosque harmonioso* e a *Historia do rock and roll* de Antón Reixa. A súa primeira obra poética foi *Manual da destrución* (A Regueifa, 2008), ao que lle seguiu a máis recente *Inflamable* (Positivas, 2012), texto no que verte sátiras moi inmediatas sobre nomes preponderantes da cultura galega e que semella recoller o carácter atravesado daquel *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (Positivas, 1994) asinado polo colectivo Ronseltz. Coñecémolo tamén por ser un dos rostros visibles dos Terbutalina, quinteto que en decembro lanzarán *Ritmo*

Serbio Fucking Carajo Man Sound System tras outros traballos como *Broncodilatador* (2011), *Live in Catoira* (2011), o EP *Que-de-leite!* (2011) e *Hostias para todos* (2012). No seu primeiro concerto, hai un par de anos, rebentoulles un amplificador e tiveron que deixar de tocar no segundo tema. Aí comezou todo. Poucos acordes, contundencia e gastropunk. Convencido de que moita literatura funciona mellor como combustible que como artefacto artístico, Samuel L. París escribe co mesmo espírito urxente da banda: rápido, cuspiendo a discreción e recuperándose dunha forte resaca. Quen se achegue moito aos seus textos hase queimar. Como mínimo. Nos tempos que corren, abrasarse con eles é unha pequena victoria.